

SOCIAL POWER

Bases da convocatoria 2

PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DE DEFENSA, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DE DEREITOS A ORGANIZACIÓNS DA SOCIEDADE CIVIL

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA	2
DOTACIÓN ORZAMENTARIA DA CONVOCATORIA	2
QUE ORGANIZACIÓNS PODEN PARTICIPAR	3
REQUISITOS ECONÓMICOS DAS ORGANIZACIÓNS POR FONDO.....	4
LIMITACIÓN DE PARTICIPACIÓN PARA ORGANIZACIÓNS PREVIAMENTE FINANCIADAS EN SOCIAL POWER	5
REQUISITOS PARA SOLICITAR FINANCIAMENTO	5
DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS REQUISITOS QUE CÓMPRE ACHEGAR.....	6
MOTIVOS DE NON ELIXIBILIDADE DUNHA SOLICITUDE	9
PRAZO PARA PRESENTARSE Á CONVOCATORIA	10
DURACIÓN DOS PROXECTOS	10
NÚMERO DE PROXECTOS QUE SE PODEN PRESENTAR	10
PRIORIDADES TEMÁTICAS DA CONVOCATORIA.....	10
QUE TIPO DE ACTIVIDADES SE PODEN FINANCIAR.....	12
QUE GASTOS SE PODEN FINANCIAR.....	13
COMO SOLICITAR O FINANCIAMENTO	14
COMO SE VAN AVALIAR OS PROXECTOS	16
QUEN AVALIARÁ OS PROXECTOS.....	18
DEFINICIÓN DO IMPORTE DE FINANCIAMENTO QUE SE OUTORGARÁ	18
COMO SE VAN SELECCIONAR OS PROXECTOS	19
RECURSOS DISPOÑIBLES E APRENDIZAXE.....	20
COMUNICACIÓN DO RESULTADO, ACEPTACIÓN E PAGAMENTO DO FINANCIAMENTO.....	20
TRANSPARENCIA, CORRECCIÓN E ALEGACIÓNS.....	21
COMPROMISOS E OBRIGAS DAS PARTES	21
CALENDARIO E DATAS CLAVE DO PROCESO DE FINANCIAMENTO.....	23
SOBRE SOCIAL POWER.....	24
MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTA CONVOCATORIA	24
CONTACTO	24

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

O propósito xeral desta convocatoria é financiar iniciativas desenvolvidas por organizacións da sociedade civil que contribúan a promover os dereitos humanos, a liberdade, a solidariedade, a igualdade, a xustiza —incluída a xustiza de xénero—, a dignidade humana e outros dereitos da [Carta de Dereitos Fundamentais da UE](#).

En concreto, financiaranse proxectos que contribúan á defensa, a protección e a promoción de dereitos en relación cunha das seguintes axendas temáticas:

- Dereito ao emprego digno nun tecido produtivo xusto
- Dereito á protección social e á vivenda
- Dereito á xustiza de xénero e á diversidade

Daráselles prioridade aos proxectos que traballen dende unha lóxica interseccional con colectivos especialmente afectados polas desigualdades e a discriminación, como as mulleres, as persoas mozas, as persoas migrantes, as persoas LGTBIAQ+, as persoas con diversidade funcional, as minorías etc.

A elección da axenda de dereitos á que vai contribuír o proxecto por parte da entidade solicitante é un elemento fundamental da solicitude. No formulario de solicitude só será posible seleccionar unha única axenda de dereitos, **sen prexuízo de que o proxecto poida estar conectado con outras axendas de dereitos de forma secundaria**. A avaliación da aliñación do proxecto realizarase exclusivamente en relación coa axenda seleccionada.

DOTACIÓN ORZAMENTARIA DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria está dotada cun total de 1 036 666,67 euros distribuídos en 3 fondos por tramos de importe mínimo e máximo para financiar cada proxecto:

Fondo 1: financiaranse aproximadamente entre 35 e 37 proxectos por un importe por proxecto de entre 7.000 euros e 15.000 euros.

Fondo 2: financiaranse aproximadamente entre 15 e 17 proxectos por un importe por proxecto de entre 15.001 euros e 30.000 euros.

Fondo 3: financiaranse aproximadamente entre 1 e 2 proxectos por un importe por proxecto de entre 30.001 euros e 60.000 euros.

Oxfam Intermón resérvase o dereito a modificar o número de proxectos por cada un dos fondos en función da cantidade e a calidade dos proxectos recibidos e os importes solicitados.

QUE ORGANIZACIÓNS PODEN PARTICIPAR

Asociacións, fundacións e cooperativas sen ánimo de lucro, **rexistradas formalmente en territorio español e que realicen a súa acción tamén no territorio español, non partidistas nin vencelladas a confesións relixiosas**, cuxa acción se oriente á protección e a promoción dos dereitos fundamentais e os valores da Unión Europea, **recollidos no artigo 2 do Tratado da UE e na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea**. A convocatoria pon especial **énfase en organizacións pequenas e de base, ben do ámbito rural, ben do urbano**.

Para os efectos desta convocatoria, só se considerarán entidades elixibles as asociacións, fundacións e cooperativas sen ánimo de lucro que cumpran asemade os seguintes requisitos:

- Carecer de ánimo de lucro, entendendo por tal a ausencia de finalidade de obtención de beneficios económicos destinados á distribución, directa ou indirecta, entre os seus membros, persoas socias, patróns, órganos de goberno ou terceiros vencellados, debendo destinar en todo caso os posibles resultados, excedentes ou beneficios ao cumprimento dos seus fins estatutarios, orientados ao interese xeral ou con fins sociais.
- Desenvolver actividades que non teñan carácter predominantemente mercantil ou empresarial con finalidade lucrativa, **sen prexuízo da realización de actividades económicas de carácter instrumental ou accesorio** dirixidas ao cumprimento dos seus fins sociais.

En relación coas cooperativas sen ánimo de lucro, **consideraranse incluídas as cooperativas cualificadas como de iniciativa social, de integración social ou equivalentes** consonte a normativa estatal ou autonómica de aplicación. Así mesmo, poderán ser admitidas aquelas cooperativas que, con independencia da súa denominación formal, acrediten reunir de maneira substancial as características propias das cooperativas de iniciativa social ou de integración social, entendéndose como tales aquelas entidades que:

- Carezan de finalidade lucrativa en sentido material.
- Non prevexan a distribución de excedentes entre as persoas socias, directa ou indirectamente, ou establezan unha limitación estrita dos rendementos que exclúa o seu carácter lucrativo.
- Destinen os seus resultados, de forma principal, ao cumprimento de fins de interese xeral ou de carácter social.
- Estean dedicadas á protección e promoción dos dereitos fundamentais.

As cooperativas deberán demostrar o seu carácter non lucrativo, mediante a presentación dos seus estatutos e demais documentación acreditativa.

Quedan expresamente excluídos **desta convocatoria os seguintes tipos de entidades**:

- As entidades de natureza mercantil, sexa cal for a súa forma xurídica.
- As organizacións empresariais ou profesionais e calquera outra entidade, sexa cal for a súa forma xurídica, cuxa finalidade principal radique na representación, a defensa ou a promoción dos intereses económicos ou profesionais dos seus membros.
- Os sindicatos. Para os efectos desta convocatoria, considéranse sindicato aquelas organizacións rexidas pola Lei orgánica 11/1985 de liberdade sindical rexistradas como sindicato no rexistro público de organizacións sindicais. Xa que logo, poderán presentarse as organizacións que, malia incluíren a palabra “sindicato” na súa denominación, estean legalmente constituídas como asociacións ou fundacións (e non como sindicatos) e cumpran o resto dos requisitos establecidos.
- Calquera entidade que, malia estar formalmente constituída como sen ánimo de lucro, non responda na práctica aos criterios establecidos nos apartados anteriores.

REQUISITOS ECONÓMICOS DAS ORGANIZACIÓNS POR FONDO

Para acreditar o cumprimento dos requisitos económicos, as organizacións solicitantes poderán elixir calquera dos tres últimos exercicios pechados. Non poderán participar nesta convocatoria as organizacións que, no exercicio elixido, teñan ingresos anuais superiores a 200.000 euros ou un patrimonio neto superior a 400.000 euros, independentemente dos seus ingresos. Ambos os requisitos comprobaranse sempre sobre o mesmo exercicio.

Os requisitos de ingresos das organizacións para acceder a cada fondo son:

Requisitos para o fondo 1 para financiar proxectos de entre 7000 e 15 000 euros.

- A organización deberá dispor duns ingresos anuais inferiores ou iguais a 60.000 euros nun dos tres últimos exercicios pechados, a elección da entidade solicitante.

Requisitos para o fondo 2 para financiar proxectos de entre 15 001 e 30 000 euros.

- A organización deberá dispor duns ingresos anuais de entre 60.001 euros e 130.000 euros nun dos tres últimos exercicios pechados, a elección da entidade solicitante.

Requisitos para o fondo 3 para financiar proxectos de entre 30 001 e 60 000 euros.

- A organización deberá dispor duns ingresos anuais de entre 130.001 euros e 200.000 euros nun dos tres últimos exercicios pechados, a elección da entidade solicitante.

A asignación ao fondo no que a organización poderá presentar a solicitude realizarase de xeito automático segundo os ingresos declarados no cuestionario de solicitude. **En consecuencia, cómpre que os ingresos declarados no cuestionario coincidan coa documentación acreditativa presentada. Se, após revisar a devandita documentación, se comproba que os ingresos declarados non están debidamente xustificados e que a entidade non cumpre os requisitos de ingresos do fondo asignado, a solicitude será considerada non elixible.**

Porén, cando se detectaren discrepancias entre os ingresos declarados e os acreditados na documentación achegada, e as devanditas diferenzas supoñan o incumprimento dos requisitos de fondo ao que se presentou a solicitude, aplicarase unha marxe de flexibilidade de $\pm 5\%$ sobre os límites de ingresos establecidos para o devandito fondo, tanto o mínimo como o máximo. Se a diferenza é maior do 5% , a solicitude será considerada non elixible.

Para os efectos desta convocatoria, só se terán en conta os ingresos propios da entidade solicitante, identificada polo seu NIF. Non se considerarán outros ingresos correspondentes a federacións, redes e demais estruturas nas que participe a entidade se teñen un NIF diferente.

LIMITACIÓN DE PARTICIPACIÓN PARA ORGANIZACIÓNS PREVIAMENTE FINANCIADAS EN SOCIAL POWER

Non poderán solicitar financiamento nesta convocatoria as organizacións que o recibisen en convocatorias anteriores de SOCIAL POWER.

Esta medida ten como obxectivo favorecer a participación dun maior número de organizacións, ampliando así o alcance de SOCIAL POWER e o número de organizacións que reciben apoio financeiro. Esta limitación, validada polo doante do proxecto (UE), aplícase a todas as organizacións previamente financiadas en SOCIAL POWER, con independencia do tipo de proxecto desenvolvido, e non se aplicará ás organizacións financiadas no proxecto Tecendo dereitos.

REQUISITOS PARA SOLICITAR FINANCIAMENTO

As organizacións que presenten unha solicitude de financiamento deberán cumprir os seguintes requisitos no momento de presentar a solicitude:

- **Estar aliñadas cos valores da Unión Europea¹.**

¹ Os valores da UE son aqueles que figuran no artigo 2 do Tratado da Unión Europea, que se fornece aquí transcrito en galego con fins informativos: «A Unión fundaméntase nos valores de respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, Estado de dereito e respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas que pertencen a minorías. Estes valores son comúns aos Estados membro nunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulleres e homes».

- Estar constituídas formalmente como organizacións sen ánimo de lucro baixo as seguintes modalidades: asociación, fundación ou cooperativa sen ánimo de lucro.
- Promover a xustiza de xénero.
- Desenvolver as súas actividades no territorio español.
- Contar con cando menos un ano de experiencia no desenvolvemento de actividades relacionadas co eido da protección e a promoción dos dereitos fundamentais e valores da UE en territorio español no momento de publicación da convocatoria. A experiencia requirida puido desenvolverse tanto antes como despois da constitución formal da entidade, sempre que poida acreditarse de maneira fidedigna mediante documentación que evidencie a actividade continuada (memorias, materiais xerados, xustificantes de execución de proxectos, comunicacións públicas ou outros documentos).
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e aquelas relacionadas coa Seguridade Social.
- Ter uns ingresos anuais inferiores ou iguais a 200.000 EUR e contar cun patrimonio igual ou inferior a 400.000 EUR nun dos 3 últimos exercicios pechados, a elección da entidade.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS REQUISITOS QUE CÓMPRE ACHEGAR

As organizacións deberán achegar, amais do formulario de solicitude, a seguinte documentación que acredite o cumprimento destes requisitos:

- ⇒ Certificado que acredite a inscrición da organización no rexistro correspondente, expedido despois do 1 de marzo de 2026.
- ⇒ Certificado dos estatutos da organización, emitido polo rexistro correspondente no que estea inscrita a entidade, despois do 1 de marzo de 2026. No caso de non dispor deste certificado, a organización poderá achegar unha copia dos devanditos estatutos, compulsada pola Administración competente ou notaría, incluídas as modificacións posteriores, de habelas.
- ⇒ Certificado acreditativo vixente de quen represente legalmente a organización, emitido polo rexistro correspondente despois do 1 de marzo de 2026 **ou, na súa ausencia, escritura notarial que acredite a representación legal. Secasí, no caso de resultar preseleccionada, deberá achegar o correspondente certificado antes da sinatura do convenio de colaboración, expedido despois do 1 de marzo de 2026.**
- ⇒ **Declaración responsable** de que a organización:
 - Non se atopa en situación de creba ou insolvencia.
 - Non fose condenada por delitos de corrupción, fraude ou branqueo.
 - Non se declare, mediante sentenza firme ou resolución administrativa definitiva o incumprimento das súas obrigas tributarias ou de cotización á Seguridade Social.

- Non estea suxeita a sancións que impidan recibir financiamento público.
- Non incorra en conflitos de interese relevantes.

Para estes efectos, entenderase que os devanditos requisitos se refiren á entidade como persoa xurídica, sen prexuízo da situación individual de quen a integren, sempre que esta non afecte á súa capacidade legal de actuación.

⇒ Documentación económica:

Requisitos de documentación económica fondo 1

- [Declaración responsable](#) sobre os ingresos anuais da entidade, correspondentes a un dos tres últimos exercicios pechados, a elección da entidade solicitante.

Requisitos de documentación económica fondos 2 e 3

- Modelo 200 do imposto de sociedades, correspondentes a un dos tres últimos exercicios pechados, a elección da entidade solicitante.
- No caso de que a entidade non teña a obriga de presentar declaración polo imposto de sociedades, pode presentar as contas anuais (que abrangan o balance de situación e a conta de perdas e ganancias) aprobadas e asinadas polo órgano de goberno competente correspondentes a un dos tres últimos exercicios pechados, a elección da entidade solicitante.

Podes consultar nesta [ligazón](#) que epígrafes se terán en conta para o cálculo de ingresos tanto no modelo 200 como nas contas anuais. Para os efectos deste cómputo, non se incluírán as subvencións concedidas pero pendentes de imputación ao resultado do exercicio; isto é, aquelas que figuren no balance de situación como subvencións pendentes de traspaso a resultados e non na conta de perdas e ganancias do exercicio seleccionado.

Excluíranse os ingresos de carácter extraordinario ou non recorrente, incluídos, entre outros, os beneficios por venda de inmovilizado, as indemnizacións recibidas, as diferenzas positivas de tipo de cambio e calquera ingreso alleo á actividade ordinaria da organización.

As organizacións de calquera dos 3 fondos cuxo patrimonio neto supere os 400.000 EUR non poderán presentarse a esta convocatoria, con independencia do seu nivel de ingresos. Para estes efectos, terase en conta a casa 00185 do balance de situación no modelo 200 cando este sexa presentado e, na súa ausencia, o total do patrimonio neto indicado no balance de situación entregado pola entidade.

A entidade deberá garantir a coherencia da información financeira presentada. De existir algunha discrepancia entre documentos,

prevalecerá o modelo 200, cando estea dispoñible. Poderase requirir documentación adicional no caso de dúbida.

- Certificados da Axencia Española de Administración Tributaria e da Seguridade Social e, se for o caso, da Administración tributaria autonómica correspondente de estar ao corrente das súas obrigas.
- Certificado de titularidade bancaria a nome da entidade.
- Última memoria de actividades da organización ou, na súa ausencia, outra documentación sobre a actividade realizada pola entidade no último ano.
- Outra documentación relevante de xestión da organización (opcional para os fondos 1 e 2; obrigatorio para o fondo 3). O documento de xestión interna que envíe pode estar relacionado coa integridade ou a transparencia, entre outras cuestións. A modo de exemplo, malia non ser precisos especificamente estes, pódense achegar os seguintes documentos: código de conduta da entidade, código ético, plan de igualdade, auditorías da entidade, protocolo ou política de protección ás infancia ou, como alternativa, calquera outro documento similar que avale a xestión ou os mecanismos de xestión interna da entidade. No caso de proxectos que comprendan o traballo directo con persoas menores de idade, solicitarase que a entidade dispoña dun protocolo ou unha política de protección á infancia e achegue este documento como parte da documentación da solicitude.
- [Declaración responsable](#) de existencia mínima dun ano acompañada da documentación acreditativa pertinente. Só deberán achegar este documento as entidades que non leven un ano ou máis inscritas no rexistro correspondente no momento de publicación da convocatoria.

Se a organización solicitante resulta preseleccionada e a documentación presentada está incompleta ou require corrección, solicitaráselle que a complete ou a emende no prazo que se determine.

Calquera outro tipo de documentación adicional presentada no marco desta convocatoria non se terá en conta para os efectos de valoración técnica do proxecto no proceso de avaliación de propostas.

A entidade solicitante será responsable da veracidade de toda a información facilitada no formulario de solicitude, así como na documentación que achegue e en calquera información adicional presentada durante o período de corrección de documentación. No caso de se detectar falsidade, inexactitude ou manipulación da información proporcionada, a solicitude poderá ser declarada non elixible ou, se for o caso, deixar sen efecto o financiamento concedido, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse do incumprimento.

Oxfam Intermón resérvase o dereito a solicitar calquera documentación adicional que considere necesaria para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria, así como para emendar ou completar a información achegada pola entidade

solicitante. No caso de que a entidade non achegue a devandita documentación nos prazos establecidos ou de que, como resultado da súa revisión, se determine que non cumpre os requisitos esixidos nestas bases, a solicitude será declarada non elixible.

MOTIVOS DE NON ELIXIBILIDADE DUNHA SOLICITUDE

Ademais dos requisitos para solicitar financiamento establecidos ao longo destas bases, consideraranse non elixibles e, polo tanto, non poderán ser seleccionadas aquelas solicitudes que incorran nalgunha das seguintes situacións:

- A entidade solicitante non cumpre os requisitos establecidos nestas bases en relación coa súa natureza xurídica, a finalidade, o ámbito de actuación ou a aliñación cos valores da Unión Europea.
- A entidade solicitante non cumpre os requisitos económicos establecidos para participar no fondo solicitado (ingresos e/ou patrimonio) ou non quedan acreditados de maneira axeitada mediante a documentación achegada.
- Detéctanse discrepancias entre a información económica declarada e a documentación achegada que impliquen o incumprimento dos límites establecidos por cada un dos fondos, cando estas superen a marxe de flexibilidade do $\pm 5\%$ definida na convocatoria.
- A entidade foi previamente financiada en convocatorias anteriores de SOCIAL POWER, nos termos establecidos nestas bases.
- O proxecto presentado non se desenvolve en territorio español ou non se axusta á duración establecida na convocatoria.
- O proxecto atangue actividades expresamente excluídas da convocatoria, como accións de carácter litixioso ou procesos legais ou xudiciais, ou ben actividades dirixidas á xeración de ingresos directos para a entidade.
- A entidade non achega a documentación requirida ou non corrixe as deficiencias identificadas nos prazos establecidos durante o proceso de avaliación.
- Detéctase falsidade, inexactitude ou manipulación na información facilitada na solicitude, na documentación achegada ou durante calquera fase do proceso.
- Quedan expresamente excluídas as organizacións con forma xurídica de sindicato, así como os partidos políticos, as asociacións profesionais, as asociacións empresariais e as federacións deportivas.
- Oxfam Intermón poderá valorar, para os efectos de elixibilidade, a vinculación da entidade a estruturas organizativas de maior dimensión. Poderán non ser elixibles as entidades que, malia dispor de personalidade xurídica propia, formen parte ou estean estreitamente vencelladas a organizacións de moito maior tamaño e se

beneficien dos seus recursos, estrutura ou capacidade operativa de maneira significativa, cando iso deturpe o enfoque de apoio a organizacións pequenas e de base desta convocatoria.

PRAZO PARA PRESENTARSE Á CONVOCATORIA

Se a túa organización está interesada en participar nesta convocatoria, debes cubrir o formulario de solicitude antes do vindeiro 2 de novembro ás 17:00 h (hora española peninsular).

DURACIÓN DOS PROXECTOS

Os proxectos terán unha duración mínima de 7 meses e unha duración máxima de 10 meses, comprendida entre o 1 de marzo de 2027 e o 31 de decembro de 2027.

NÚMERO DE PROXECTOS QUE SE PODEN PRESENTAR

Co fin de fomentar o acceso ao financiamento ao maior número posible de organizacións da sociedade civil, só se financiará UN proxecto por organización. Xa que logo, as organizacións só poderán presentar UN proxecto.

PRIORIDADES TEMÁTICAS DA CONVOCATORIA

Terán prioridade os proxectos que contribúan con, polo menos, unha das axendas temáticas que abrangue esta convocatoria:

En Dereito ao emprego digno nun tecido produtivo xusto, daráselles prioridade aos proxectos que contribúan a:

- Identificar e denunciar a vulneración **dos dereitos laborais das persoas traballadoras.**
- Promover a inserción sociolaboral **de persoas en situación de vulnerabilidade mediante o acompañamento, a orientación ou a formación de persoas en situación de desemprego, co obxectivo de facilitar o acceso ao emprego ou mellorar a súa empregabilidade.**
- Fomentar espazos de traballo en rede e apoio mutuo **de persoas traballadoras, asalariadas ou por conta propia, que teñan como obxectivo avanzar no dereito ao emprego digno entre colectivos especialmente precarizados, como as persoas**

novas, as mulleres, as persoas migrantes ou as persoas do colectivo xitano, entre outras.

- Crear oportunidades laborais **para persoas en situación de risco de exclusión social que lles garantan un emprego estable, seguro e con salarios dignos mediante o impulso do emprego digno, a economía e o emprendemento social e o cooperativismo en novos nichos económicos (como a transición verde e dixital, o emprego rural ou a economía dos coidados).**
- Sensibilizar e mobilizar **a cidadanía para fomentar a xustiza económica, incluídos a acción colectiva contra a precariedade laboral, a promoción de dereitos laborais e o emprego digno, e a identificación e a denuncia da vulneración dos dereitos laborais das persoas traballadoras.**

En Dereito á protección social e á vivenda, daráselles prioridade aos proxectos que contribúan a:

- Impulsar o acceso efectivo ás políticas de garantía de ingresos **(IMV, rendas autonómicas ou outras prestacións), mediante o acompañamento a persoas en situación de vulnerabilidade para previr situacións de exclusión social.**
- Sensibilizar e/ou mobilizar a cidadanía **para influír no ámbito público e político sobre a necesidade de universalizar o sistema de protección social co fin de non deixar ningún colectivo atrás.**
- Impulsar accións que contribúan á protección das persoas en situación de vulnerabilidade habitacional, **como pode ser o acompañamento ante procesos de desafiuzamento, programas que garantan as alternativas habitacionais ou o asesoramento na solicitude de axudas sociais para cubrir gastos relacionados coa vivenda (como axudas ao aluguer, axudas á rehabilitación etc.).**
- Fortalecer iniciativas comunitarias e participativas que involucren os colectivos afectados pola crise da vivenda co obxectivo de promover o dereito á vivenda digna. **Teranse en conta especialmente as accións que incorporen un compoñente de análise, mobilización ou influencia verbo da situación da vivenda.**

En Dereito á xustiza de xénero e á diversidade, daráselles prioridade* aos proxectos que contribúan a:

**** Estas prioridades abordan a defensa, a protección e a promoción dos dereitos das mulleres e persoas das comunidades LGTBIAQ+, dende un enfoque feminista interseccional, que recoñeza os múltiples aspectos e desigualdades que atravesan os corpos, incluídos o xénero, a súa expresión, a súa identidade e as orientacións sexuais, e***

as interseccións con outras desigualdades como a de clase, raza, situación administrativa, orixe, diversidade funcional ou idade, entre outras.

- Previr as violencias patriarcais e loitar para eliminalas, **así como defender e protexer as vítimas e superviventes de todas as formas de violencia de xénero.**
- Promover a participación das colectivas, os movementos ou as organizacións feministas en espazos e procesos de toma de decisións a todos os niveis (**local, autonómico ou estatal**) e a incidencia destes para impulsar políticas feministas, incluída a igualdade, a defensa e a protección dos dereitos das persoas LGTBIAQ+.
- Loitar contra a discriminación e o auxe dos discursos de odio **e as narrativas contrarias aos dereitos das mulleres e as persoas LGTBIAQ+.**
- Promover a visibilización e a posta en valor da diversidade sexual e de xénero na sociedade para a prevención da LGTBIQfobia e loitar contra a discriminación, **a violencia e a exclusión por motivos de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.**

QUE TIPO DE ACTIVIDADES SE PODEN FINANCIAR

Cómpre ter en conta que as actividades desenvolvidas baixo esta convocatoria deberanse levar a cabo en España.

A continuación, detállanse o tipo de actividades que se poden financiar:

- Accións e actividades de incidencia, participación cívica e defensa de dereitos para influír nas políticas públicas.
- Atención directa a colectivos e prestación de servizos gratuítos de asesoramento.
- Sensibilización sobre os dereitos e os valores da UE —respecto da dignidade humana, a liberdade, a democracia, o Estado de dereito e o respecto aos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas que pertencen a minorías, e a igualdade, incluída a igualdade de xénero—.
- Investigación e análise ou supervisión de políticas para ben influír na formulación de políticas públicas a nivel estatal e da UE, ben informal.
- Accións para favorecer a aplicación e implementación de leis, normativas ou resolucións xudiciais adoptadas.
- Servizos de apoio psicosocial para o equipo e os colectivos aos que se dirixe o proxecto e accións de autocoidado e coidado colectivo.
- Accións que promovan a xustiza de xénero dende enfoques transformadores.

- Organización de plataformas e diálogos cívicos e creación de coalicións e asociacións entre organizacións da sociedade civil e outros actores clave en temas relacionados cos dereitos e valores da UE.
- Accións formativas, de sensibilización ou de intercambio e aprendizaxe mutua sobre litixio estratéxico. As accións de litixio estratéxico, as accións ante instancias administrativas ou xudiciais ou calquera outra acción que implique un proceso legal ou xudicial están expresamente excluídas desta convocatoria e non poderán ser financiadas.

Non se permite a xeración de ingresos directos vencellados ás actividades financiadas do proxecto.

QUE GASTOS SE PODEN FINANCIAR

Nesta convocatoria financiarase o 100 % do importe aprobado para financiar o proxecto. Xa que logo, o orzamento do proxecto non deberá abranguer o cofinanciamento doutras entidades doadoras.

Calquera contratación, compra, colaboración ou prestación de servizos ha de realizarse consonte a lexislación española.

Os conceptos de gasto que se poden financiar (gastos elixibles) son:

- ✓ Gastos de persoal contratado (nóminas, incluíndo a achega á Seguridade Social da persoa traballadora, así como da empresa, e o IRPF).
- ✓ Gastos de alugueres **para realizar as actividades.**
- ✓ Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención **precisos para realizar as actividades. Os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención fóra da Unión Europea non poderán ser financiados nesta convocatoria.**
- ✓ Gastos de material funxible **como, por exemplo, gastos de fotocopias, material de oficina, material para obradoiros e mais eventos etc.**
- ✓ Gastos de compra de equipos. **En caso de precisar mercar equipos informáticos ou outro tipo de equipamento, cómpre explicar a súa necesidade para a implementación do proxecto. Inclúense os gastos de aluguer de equipos.**
- ✓ Gastos de contratación de servizos externos, **como, por exemplo, gastos de edición, maquetación ou tradución de informes ou gastos de servizos de consultoría. Ademais, poderán incluírse outros servizos contratados como o deseño de materiais de comunicación, dinamización de obradoiros ou eventos, apoio lóxico ou servizos de catering ou gardería para actividades. É importante ter en conta que, malia ser financiable a contratación de servizos externos, agárdase que sexan as organizacións solicitantes as que desenvolvan e leven a cabo o proxecto.**

- ✓ Gastos indirectos necesarios para a execución do proxecto. Entenderanse como gastos indirectos os custos xerais de funcionamento e a estrutura da entidade que, sen poder imputarse de forma directa a unha actividade concreta, resulten necesarios para o desenvolvemento do proxecto. Os gastos indirectos poderán representar, como máximo, o 7 % do orzamento total do proxecto.

Os conceptos que non se poden financiar (gastos non elixibles) son:

- ✗ Gastos non relacionados directamente co proxecto.
- ✗ Gastos declarados e financiados noutras subvencións.
- ✗ Impostos, no caso de que a organización os deducise ou reembolsase con anterioridade (IVE). No caso de que a organización os puidese ou os poida deducir, reembolsar ou recuperar, tampouco serán elixibles as cantidades correspondentes a impostos persoais das persoas que integran a entidade.
- ✗ Xuros debidos, débedas e outros cargos relacionados coa débeda, provisións de gastos etc.
- ✗ Gastos excesivos ou superfluos. Considérase excesivo o gasto que supera en gran medida a contía precisa para acadar o obxectivo proposto. Considérase superfluo un gasto que non é preciso para acadar o obxectivo proposto. Para valorar se un gasto é elixible, repararase en que sexa necesario e estea directamente vencellado ao proxecto; que sexa proporcionado á súa finalidade e ao tamaño do proxecto, e que o seu importe sexa razoable conforme os prezos de mercado. En particular, poderán considerarse gastos superfluos ou excesivos os bens ou servizos non imprescindibles, amais de gastos cuxo alcance ou prezo non estean debidamente xustificadas en relación co proxecto.
- ✗ Outros gastos que poidan resultar non elixibles consonte a normativa da Unión Europea.

É importante ter en conta que non se permite o dobre financiamento. Cada gasto incluído no orzamento do proxecto ha de ser único e exclusivo desta convocatoria; non poden ser gastos que se financiasen previamente nin se pode solicitar financiamento en paralelo para eles por medio doutros programas ou fondos, de calquera índole, e especialmente doutros fondos europeos. Esta limitación responde ao establecido polo programa CERV da Unión Europea, que prohibe expresamente declarar un mesmo gasto en máis dun proxecto financiado con fondos europeos. O incumprimento desta norma podería supor a cancelación do Acordo de financiamento e a obriga de devolver os fondos recibidos.

COMO SOLICITAR O FINANCIAMENTO

Para realizar a solicitude de financiamento para un proxecto, debes seguir 3 pasos:

PASO 1. Fai clic en www.socialpower.es e, a continuación:

- Se a túa organización xa está rexistrada: **accede á zona privada coas credenciais (se esqueciches o contrasinal, podes restauralo premendo no botón de Esqueciches o contrasinal?). Na área privada, verás un apartado para acceder ao formulario da convocatoria.**
- Se a túa organización non está rexistrada: **cubre o formulario de rexistro. A continuación, recibirás un correo de confirmación do rexistro cunha ligazón para establecer o contrasinal e terminar de confirmar o teu rexistro en SOCIAL POWER. Após estableceres o contrasinal, introduce as credenciais para acceder á zona privada e entra no apartado de convocatorias.**

PASO 2. Responde as preguntas do cuestionario e comproba que fondo (1, 2 ou 3) se pode aplicar á túa organización para saber que importe mínimo e máximo podes solicitar.

Despois de premeres o apartado que anuncia a convocatoria, despregarase un cuestionario onde poderás revisar o cumprimento dos requisitos por parte da túa organización, así como comprobar que fondo se pode aplicar á túa organización.

Só poderás solicitar financiamento no fondo asignado á túa organización, consonte os requisitos especificados nas bases da convocatoria. Lembra cales son os **REQUISITOS PARA ACCEDER AO FINANCIAMENTO SEGUNDO O FONDO ASIGNADO**. Poderás realizar este cuestionario as veces que queiras; só se rexistrarán as túas respostas ao premeres o botón de continuar coa solicitude. Se te trabucas, podes pórtelo en contacto a través do correo soporte@socialpower.es.

PASO 3. Cubre o formulario de solicitude e anexa a documentación requirida segundo o fondo.

En función do fondo que a túa organización pode solicitar, abrírase o formulario de solicitude de financiamento correspondente. Lembra que podes descargar en [Word](#) as preguntas do formulario para preparar previamente a solicitude, mais só poderás presentar a solicitude de financiamento mediante o formulario en liña² **habilitado** na túa zona privada da web de SOCIAL POWER.

Non tes que cubrir o formulario de vez. Podes completalo por partes e gardalo para seguir outro día con outras seccións. Tamén podes facer as correccións que precises no formulario dende a túa zona privada da web de SOCIAL POWER, á que poderás acceder co nome de usuario e o contrasinal da túa organización.

Cando remates de cubrir o formulario na súa totalidade, anexa a documentación necesaria (consulta os documentos que se deben anexar en **DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS REQUISITOS QUE CÓMPRE ACHEGAR**). Para presentar a solicitude, deberás facer clic no botón de enviar solicitude.

² Por motivos de eficiencia, o formulario en liña estará dispoñible unicamente na súa versión en castelán. Porén, as propostas poderán escribirse en calquera lingua cooficial.

Após enviases a solicitude, recibirás un correo electrónico de confirmación do envío e poderás consultar o formulario presentado, así como o estado da solicitude, dende a túa zona privada.

Lembra que o prazo para presentar a solicitude de financiamento remata o 2 de novembro ás 17:00 h (hora española peninsular). A partir dese momento, o formulario de solicitude deixará de estar dispoñible.

Recomendámosche non agardar ata o último momento para presentar a solicitude!

Non se aceptarán solicitudes presentadas fóra de prazo nin presentadas por outros medios —como o correo electrónico—. Se tes dificultades para cubrir o formulario en liña ou incidencias técnicas, podes escribir a soporte@socialpower.es. Se tes dúbidas sobre a convocatoria ou as bases, podes contactarnos en financiacion@socialpower.es.

COMO SE VAN AVALIAR OS PROXECTOS

Os proxectos serán avaliados unicamente tendo en conta a información facilitada no formulario en liña de solicitude; non se terá en consideración ningunha outra información anexa adicional verbo do proxecto **de cara á avaliación**.

Os proxectos avaliaranse atendendo a 3 criterios, de acordo cos cales cada proxecto poderá obter unha puntuación máxima de 100 puntos:

- 1) Relevancia (40 puntos)
- 2) Calidade e coherencia (40 puntos)
- 3) Impacto (20 puntos)

Para poder aspirar a financiamento, o proxecto deberá obter un mínimo de 70 puntos sobre 100. A continuación, detállanse os elementos que se van valorar dentro de cada criterio e a puntuación máxima que se pode obter para cada un deles.

Criterio de relevancia:

A máxima puntuación para este criterio é de 40 puntos sobre 100. Para poder aspirar a financiamento, os proxectos deberán obter un mínimo de 25 puntos para este criterio.

Aliñamento do proxecto cunha ou máis prioridades temáticas das axendas de dereitos seleccionada pola entidade na solicitude.	20 puntos
Identificación do contexto no que se desenvolverá o proxecto e relevancia da problemática social que aborda á luz do contexto.	5 puntos
Descrición e coñecemento do colectivo ou as persoas a quen se dirixe o proxecto e da situación de vulneración de dereitos que sofren. Valorarase	5 puntos

SOCIAL POWER

CERV-2024-CITIZENS-VALUES

que o proxecto traballe con colectivos especialmente afectados polas desigualdades e a discriminación, como mulleres, persoas mozas, persoas LGTBIQA+, persoas con diversidade funcional, minorías etc. Valoraranse de forma positiva as organizacións lideradas polos colectivos aos que se dirixe o proxecto.	
Experiencia da organización na problemática social e a situación de vulneración de dereitos dos colectivos e as persoas no ámbito de actuación do proxecto.	7 puntos
Co fin de aumentar o alcance e o equilibrio territorial das convocatorias de SOCIAL POWER, puntuaranse de forma adicional aquelas organizacións que se atopen nun municipio cunha poboación inferior a 1 000 000 de habitantes.	3 puntos

Criterio de calidade e coherencia:

A máxima puntuación para este criterio é de 40 puntos sobre 100. Para poder optar ao financiamento, os proxectos deberán obter un mínimo de 3 puntos no subcriterio de orzamento.

Claridade da lóxica do proxecto e identificación clara dos obxectivos, resultados, esperados, actividades previstas e fontes de verificación.	10 puntos
Incorporación do enfoque de xustiza de xénero dende unha perspectiva interseccional.	10 puntos
Estratexia sólida e viable para levar a cabo as actividades previstas polo proxecto no período de execución previsto.	10 puntos
Orzamento axeitado e xestión eficiente dos recursos para a implementación do proxecto.	10 puntos

Criterio de impacto:

A máxima puntuación para este criterio é de 20 puntos sobre 100.

Enfoque participativo e inclusivo para involucrar os actores clave e os colectivos e persoas en situación de vulneración de dereitos para que poidan reclamar e defender os seus dereitos.	10 puntos
Potencial do proxecto para xerar un impacto positivo e sostible alén do alcance directo e inmediato das accións emprendidas.	5 puntos

Incorporación de formas e enfoques innovadores na implementación do proxecto, incluída a innovación social.	5 puntos
---	----------

QUEN AVALIARÁ OS PROXECTOS

A avaliación das propostas presentadas realizaraa un equipo avaliador de Oxfam Intermón, composto por persoas con experiencia no traballo con organizacións sociais e as axendas clave desta convocatoria. Este equipo valorará cada proposta polo miúdo, reparando no contido recollido no formulario de solicitude e os criterios de avaliación.

Ademais, un dos elementos innovadores de SOCIAL POWER é a incorporación de ferramentas automáticas para o seguimento e a avaliación, en consonancia co obxectivo de asegurar procesos de implementación e supervisión máis eficientes e coherentes. Nesta convocatoria empregaranse ferramentas automáticas de avaliación para apoiar a valoración das propostas presentadas. En concreto, integrarase na plataforma unha ferramenta baseada en intelixencia artificial xenerativa. A ferramenta analizará as propostas a partir dos criterios de avaliación establecidos con anterioridade na convocatoria e ofrecerá unha primeira valoración orientativa que axudará a garantir a coherencia e a axilidade do proceso.

A análise automatizada non substituirá en ningún caso a avaliación do equipo avaliador, senón que se complementará cunha revisión estruturada que levará a cabo o equipo interno de Oxfam Intermón. Todo o proceso contará cunha supervisión humana axeitada, tal e como establece o Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial (Regulamento UE 2024/1689).

DEFINICIÓN DO IMPORTE DE FINANCIAMENTO QUE SE OUTORGARÁ

Durante o proceso de valoración dos proxectos, analizarase e avaliarase a coherencia do orzamento presentado en relación coa proposta técnica e a elixibilidade dos gastos incluídos no devandito orzamento. Esta análise ten o dobre obxectivo de, por unha banda, comprobar que todos os gastos son elixibles e valorar se o orzamento é axeitado e eficiente no uso dos recursos para a implementación e, por outra, establecer o importe exacto que se financiará no caso de que o proxecto sexa seleccionado.

Para determinar se o orzamento é axeitado e mais eficiente no uso dos recursos para a implementación, valorarase o seguinte:

- Que a estrutura do orzamento sexa axeitada e acorde coas actividades e os resultados previstos, e o obxectivo do proxecto. Os gastos deben estar suficientemente detallados para realizar a devandita valoración.
- Que os gastos sexan razoables e xustificadas para a realización do proxecto.
- Que os gastos estean incluídos dentro do período de execución do proxecto.
- Os gastos sexan elixibles segundo o establecido nas bases.

Para establecer o importe exacto que se financiará, no caso de que o proxecto sexa seleccionado, realizaranse as seguintes comprobacións e, se corresponde, aplicaranse os axustes pertinentes no orzamento que se financiará:

- Eliminaranse os gastos erroneamente duplicados, se os houber.
- Eliminaranse os gastos superfluos ou non precisos para a execución do proxecto, se os houber.
- Se houber conceptos de gasto sobreestimados ou subestimados en relación co prezo habitual no mercado, propoñerase corrección ou axuste.
- Eliminaranse os gastos non elixibles segundo as bases.

De se precisaren aclaracións adicionais ou no caso de que cumpra axustar o orzamento para financiar con respecto ao importe solicitado pola organización, o equipo de avaliación poñerase en contacto coa organización durante o proceso de valoración.

COMO SE VAN SELECCIONAR OS PROXECTOS

Os proxectos que obteñan no proceso de avaliación unha puntuación inferior a 70 puntos non serán considerados para poder financiarse. A listaxe final de proxectos que se financiarán elaborárase a partir da listaxe de proxectos con 70 puntos ou máis.

En primeiro lugar, a selección farase atendendo á puntuación obtida e os fondos dispoñibles para cada tramo de financiamento (ver DOTACIÓN ORZAMENTARIA DA CONVOCATORIA), os cales serán asignados por orde de puntuación de maior a menor de entre os proxectos presentados en cada axenda de dereitos da convocatoria. Así mesmo, velarase por que haxa un equilibrio entre as 3 axendas de dereitos da convocatoria.

En caso de empate na puntuación entre dúas ou máis solicitudes, o desempate resolverase atendendo, nesta orde, aos seguintes criterios:

- 1.- Entidades localizadas en territorios con maiores dificultades de acceso ao financiamento, nomeadamente zonas rurais ou remotas.
- 2.- De persistir o empate, maior puntuación obtida no criterio de relevancia.
- 3.- De continuar o empate, maior puntuación obtida no criterio de calidade.
- 4.- De se manter o empate, maior puntuación obtida no criterio de impacto.

Financiarase o 100 % do importe aprobado para financiar (ver DEFINICIÓN DO IMPORTE DE FINANCIAMENTO QUE SE OUTORGARÁ) para cada proxecto seleccionado. Lembra que, tal e como se indica máis arriba, o orzamento do proxecto non debe incluír o cofinanciamento doutras entidades doadoras. O proxecto deberá ser autosuficiente e coherente por si mesmo, podendo desenvolverse de maneira íntegra co financiamento concedido por SOCIAL POWER. Isto non impide que, durante a execución, poidan xerarse colaboracións ou sinerxías con outras iniciativas, sempre que non impliquen dobre financiamento nin condicionen a execución do proxecto.

Por último, Oxfam Intermón resérvase o dereito a non adxudicar todos os fondos dispoñibles nesta convocatoria, en función da valoración das propostas recibidas.

RECURSOS DISPOÑIBLES E APRENDIZAXE

No marco de SOCIAL POWER, as organizacións participantes terán acceso a un conxunto de recursos formativos e de aprendizaxe deseñados para fortalecer as súas capacidades con respecto á formulación de proxectos. Estes recursos abranguen materiais de formación en formato accesible e flexible, que poderán ser consultados en calquera momento, abordando aspectos chave como a formulación de proxectos, a xestión de riscos ou a innovación social, entre outros. O acceso a estes contidos formativos constitúe unha parte do enfoque de acompañamento de SOCIAL POWER, orientado a facilitar a aprendizaxe continua e o fortalecemento do tecido de organizacións da sociedade civil. Podes acceder a estes recursos facendo clic [aquí](#) e [aquí](#).

COMUNICACIÓN DO RESULTADO, ACEPTACIÓN E PAGAMENTO DO FINANCIAMENTO

Entre os meses de xaneiro e febreiro de 2027, comunicaráselles ás organizacións se o seu proxecto foi seleccionado e o importe exacto do financiamento obtido.

Será requisito para a formalización do Acordo de colaboración e, polo tanto, para o outorgamento do financiamento, que a entidade dispoña dun código PIC (Participant Identification Code). O PIC é un identificador único utilizado pola Comisión Europea para rexistrar e recoñecer as organizacións que participan en programas financiados pola Unión Europea. No caso de non dispoñer deste código, a entidade deberá solicitalo a través do Rexistro de Participantes da Unión Europea, dispoñible na seguinte ligazón: <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal/screen/how-to-participate/participant-register>.

O código PIC da entidade deberá incorporarse ao Acordo de colaboración.

As organizacións cuxo proxecto fose seleccionado procederán a asinar un Acordo de colaboración con Oxfam Intermón. Unha vez asinado o acordo por ambas as partes, procederase a realizar o primeiro pago, pola cantidade que se definise nel. Será requisito indispensable que a organización achegase, con anterioridade e dentro do prazo indicado por Oxfam Intermón, toda a documentación que non enviase dentro do prazo de presentación de solicitudes; en caso contrario, quedaría excluída da selección.

TRANSPARENCIA, CORRECCIÓN E ALEGACIONES

As entidades poderán coñecer a valoración da súa solicitude. Nese senso, indicaranse os pasos que se deben seguir para acceder á valoración na comunicación dos resultados da convocatoria.

No caso de que unha entidade detecte un erro material debidamente acreditado no proceso de avaliación da súa solicitude, poderá presentar alegacións no prazo que se determine na comunicación de resultados, a través da canle indicada nela. Estas alegacións terán como único obxectivo a corrección de erros materiais e non implicará a revisión global da avaliación nin a apertura dun novo proceso de avaliación.

Por último, durante o proceso de avaliación, Oxfam Intermón poderá poñerse en contacto coas entidades solicitantes en caso de que cumpra solicitar aclaracións, emendar ou completar a documentación presentada. Para tal efecto, outorgarase un prazo para que as entidades poidan corrixir os erros detectados.

COMPROMISOS E OBRIGAS DAS PARTES

As organizacións cuxos proxectos sexan financiados nesta convocatoria e Oxfam Intermón establecerán un marco de colaboración baseado na confianza e o respecto mutuos, e rexido dende un enfoque de horizontalidade nas relacións.

Este marco de colaboración materializarase na sinatura dun acordo no que se detallarán, entre outros aspectos, os compromisos e as obrigas que asumen ambas as partes. A continuación, descríbense os compromisos máis relevantes.

Oxfam Intermón asumirá, entre outros, os seguintes compromisos e obrigas:

- Financiar o 100 % do orzamento aprobado dos proxectos que sexan seleccionados no marco desta convocatoria e nos termos que recolla o acordo de colaboración que se asine de común acordo entre ambas as partes.
- Avanzarlles un pagamento inicial ao comezo do proxecto ás organizacións, segundo o establecido no acordo asinado entre as partes.
- Realizar un seguimento coa organización da implementación do proxecto financiado, ben sexa de forma virtual, ben presencial, dende un enfoque de horizontalidade e confianza mutua e potenciando a aprendizaxe para a mellora continua. O seguimento poderá englobar, segundo proceda, tanto aspectos técnicos de implementación do proxecto como aspectos de xestión deste, amais do seu seguimento financeiro.
- Informar sobre as actividades e mais os eventos de aprendizaxe colectiva e traballo en rede que se realicen no marco de SOCIAL POWER e que poidan ser de interese

para a organización, así como promover a súa participación nos devanditos espazos.

- Comunicar, no marco de SOCIAL POWER, os proxectos financiados e as accións e os resultados obtidos pola organización na implementación do proxecto financiado **e, cando sexa acordado, proporcionarlle apoio e asesoramento á organización en aspectos comunicativos relativos a el.**

As organizacións cuxo proxecto sexa financiado deberán asumir, entre outros, os seguintes compromisos e obrigas:

- **Levar a cabo o proxecto de maneira que se garanta en todo momento o respecto dos valores da Unión Europea.**
- Informar a Oxfam Intermón sobre a evolución do proxecto e facilitar as visitas de seguimento de Oxfam Intermón **ao proxecto, así como participar nelas. En particular, informar sobre calquera evento ou circunstancia que impacte na realización do proxecto ou o alcance dos resultados previstos.**
- Facilitar, durante a acción ou tras a súa realización, calquera información requirida por Oxfam Intermón ou a UE **co obxecto de verificar a implementación do proxecto e o cumprimento das obrigas no marco do Acordo de colaboración. En concreto, achegar a documentación e os recursos de información necesarios sobre a realización das actividades previstas e a consecución de resultados, así como entregar un informe final de execución do proxecto como máximo 1 mes despois da finalización. O informe final será en formato narrativo sobre a realización do proxecto e a consecución de resultados, e achegaranse os documentos de fontes de verificación correspondentes.**
- Gardar e custodiar a documentación relativa a facturas, pagamentos, nóminas e aquela relacionada con outros gastos (Seguridade Social, IRPF, IVE etc.) durante cando menos 10 anos, **que se contarán dende a finalización do proxecto, consonte a lexislación vixente. Así mesmo, os gastos do proxecto deben quedar reflectidos na contabilidade da entidade. No caso de que unha organización non estea capacitada para garantir esta custodia de 10 anos, poderá remitir a devandita documentación a Oxfam Intermón, que será quen garantirá a custodia.**
- Evitar calquera conflito de interese na selección das persoas participantes do proxecto financiado, **así como** cumprir a lexislación vixente en materia de protección de datos.
- Asegurar a visibilidade da Unión Europea nas accións financiadas, **comprometéndose a incluír, tanto nas actividades de comunicación dos resultados obtidos como nos equipamentos adquiridos grazas ao devandito financiamento, o emblema e a bandeira da Unión Europea. Alén do logotipo, toda actividade de comunicación ou difusión do proxecto que abranza opinións ou posicionamentos políticos sobre calquera tema e en calquera soporte (dixital, fóra de Internet,**

audiovisual etc.) ou formen parte de accións de incidencia ou sensibilización, deberán incluír, sen excepcións, o seguinte texto ou advertencia:



**Cofinanciado por
la Unión Europea**

Financiado pola Unión Europea. As opinións e os puntos de vista expresados só comprometen a/s persoa/s autora/s e non reflicten necesariamente os da Unión Europea nin os da Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA). Nin a Unión Europea nin a EACEA poden ser consideradas responsables deles.

Oxfam Intermón facilitaralle apoio á organización para resolver dúbidas sobre a correcta aplicación da visibilidade da UE.

CALENDARIO E DATAS CLAVE DO PROCESO DE FINANCIAMENTO

A continuación, preséntase un resumo das datas clave do proceso en relación co financiamento de actividades a organizacións, que debes ter en conta:

Datas clave	Proceso
1 de setembro de 2026	Apertura da convocatoria.
2 de novembro de 2026	Peché da convocatoria e fin da recepción de solicitudes. O prazo expira o 2 de novembro ás 17:00 h (hora española peninsular).
Xaneiro-febreiro de 2027	Comunicación ás organizacións sobre resultados da selección dos proxectos.
Febreiro de 2027	Elaboración e sinatura dos Acordos de colaboración entre as organizacións seleccionadas e Oxfam Intermón.
Marzo-xuño de 2027	Primeiro pagamento do financiamento dos proxectos ás organizacións segundo o inicio do proxecto.
1 de marzo de 2027	Data dende a cal poden iniciarse os proxectos financiados.
Febreiro-marzo de 2027 (data por precisar)	Reunión informativa coas organizacións financiadas sobre o proceso de seguimento e acompañamento.

Datas clave	Proceso
Entre o 1 de marzo e o 31 de decembro de 2027	Seguimento do proxecto en formato virtual ou presencial, segundo o acordado.
31 de decembro de 2027	Data límite de finalización dos proxectos financiados.
31 de xaneiro de 2028	Data límite de entrega do informe final en formato narrativo e das fontes de verificación que demostren que as actividades se levaron a cabo e que se acadaron os resultados. No caso de proxectos que finalizasen antes do 31 de decembro de 2027, o informe deberase entregar un mes despois da finalización do proxecto.

SOBRE SOCIAL POWER

SOCIAL POWER é unha iniciativa de [Oxfam Intermón](#) e [Political Watch](#) que se levará a cabo ata febreiro de 2029 para contribuír a **fortalecer o traballo da sociedade civil organizada** na defensa, a protección e a promoción dos **dereitos humanos** das persoas que máis sofren as consecuencias das desigualdades e a discriminación en España.

MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTA CONVOCATORIA

Esta convocatoria enmárcase no programa «Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores» (CERV), posto en marcha pola Unión Europea. O obxectivo do programa CERV é soster e desenvolver sociedades abertas, baseadas en dereitos, democráticas, igualitarias e inclusivas, fundamentadas no Estado de dereito. Isto inclúe unha sociedade civil dinámica e apoderada que fomente a participación democrática, cívica e social das persoas e cultive a rica diversidade da sociedade europea apoiándose nos valores comúns, a historia e a memoria de noso.

Se queres saber máis sobre o Programa CERV da Unión Europea, preme [aquí](#).

CONTACTO

Se tes algunha pregunta sobre as bases, podes poñerte en contacto connosco por medio do seguinte enderezo electrónico: financiacion@socialpower.es.